

Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 8.1 das normas reguladoras do Consello de Contas co Parlamento de Galicia, presenta ante esa mesa as seguintes propostas de resolución, respecto dos informes de fiscalización do sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma de 2014.

Resolución núm. 1

O Parlamento de Galicia reprobando a falla no labor de colaboración da Xunta de Galicia co Consello de Contas, e insta á Xunta a non repetir, ano tras ano, as mesmas limitacións ao alcance.

Resolución núm. 2

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que obrigue a todas as entidades instrumentais autonómicas ao cumprimento das súas obrigas na rendición de contas en prazo, así como de toda a documentación necesaria que non limite o alcance dos informes.

Resolución núm. 3

O Parlamento de Galicia reprobando á Xunta de Galicia pola non rendición de contas da entidade pública empresarial Augas de Galicia e insta a que, todas as fundacións públicas dela dependentes, presenten tamén a súa correspondente rendición de contas.

Resolución núm. 4

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que faga unha dotación orzamentaria realista, facendo un correcto uso do programa 621B (Imprevistos e funcións non clasificadas), evitando a súa utilización como programa-ponte para realizar transferencias de crédito, permitindo os límites fixados pola normativa que impiden as transferencias directas entre as aplicacións afectadas.



Grupo Parlamentario

Resolución núm. 5

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a regulamentar normativamente os supostos de aplicación así como a dotación anual do Fondo de Continxencia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Resolución núm. 6

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a facer unha correcta imputación contable diferenciando claramente os investimentos reais dos gastos de carácter inmaterial.

Resolución núm. 7

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a Implantar un subsistema de rexistro contable específico para os proxectos financiados cos Fondos de Compensación territorial.

Resolución núm. 8

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar en cada exercicio unicamente aquelas incorporacións de crédito que claramente teñan xustificada a súa non imputación dentro do propio exercicio, cuestión que deberá ser obxecto de control parlamentario, evitándose así o habitual desprazamento de gasto a exercicios posteriores.

Resolución núm. 9

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a implantar sen máis demora no sistema contable da Administración xeral autonómica a contabilidade financeira, dando así efectivo cumprimento ao Plan xeral de contabilidade pública de Galicia 2010.

Resolución núm. 10

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a establecer os mecanismos precisos que garantan un grao de execución axeitado do capítulo de transferencias de capital.



Grupo Parlamentario

Resolución núm. 11

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a incorporar no Portal de Transparencia e Bo Goberno a información precisa dos Fondos europeos do marco 2014-2020, en termos de consecución de obxectivos e nivel de execución de cada programa operativo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Resolución núm. 12

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar en 2017 un plan de viabilidade das fundacións feirais públicas que incremente as capacidades delas para xerar recursos propios.

Resolución núm. 13

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, conforme ás esixencias da Lofaxga, a establecer nas axencia públicas os necesarios indicadores de xestión, para a súa debida verificación polo Consello de Contas.

Resolución núm. 14

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a verificar o nivel de calidade asistencial da súa rede de centros de atención ás persoas maiores adscritos á Consellería de Política Social.

Pazo do Parlamento 17 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/03/2017 14:42:58